



Confederación Intersindical Galega  
Sección Sindical en Telefónica A Coruña  
Tlfo: 981183969 Fax: 981183679  
coruna@cigtelefonica.com www.cigtelefonica.com

## **SANCIÓN POLO EMPREGO DO GALEGO REVOGADA POLA XUSTIZA**

O día 3 de febreiro de 2004 Telefónica de España SAU impón unha sanción de 2 días sen emprego e soldo ó compañeiro desta Sección Sindical e membro do Comité de Empresa Emilio Casal Pereira. A acusación consistía en negarse a obedecer as ordes do seu mando inmediato de chamar ó despacho de Bilbao, algo totalmente falso pois este compañeiro nunca se negou a chamar ó despacho de Bilbao nin tivo ningún problema co seu Encargado de Grupo, o que non aceptou o compañeiro foi a imposición do idioma castelán por parte de despachadores e coordinador do despacho de Bilbao e de Recursos Humanos.

Desde o ano 1999, este compañeiro viña comunicándose co despacho de Bilbao en galego sen ningún problema, pois as comunicacións son moi sinxelas e practicamente numéricas e sempre foi entendido pois tampouco tivo nunca reparo en traducirille algo a quen non o entendera.

A CIG intentou desde o inicio do expediente sancionador negociar unha saída razoable ó problema, na que se respectaran os dereitos lingüísticos do compañeiro e a operatividade da empresa, e que non se producira ou se anulara a sanción; a pesares da nula receptividade da empresa, é a mesma posición que seguimos mantendo agora para a completa solución do problema provocado pola empresa.

Desde aquí, o compañeiro Emilio nos solicita que traslademos o seu agradecemento, que facemos con sumo gusto e aproveitamos para facer noso, a tódolos compañeir@s que neste tempo lle teñen transmitido a súa comprensión e apoio e nomeadamente ós Comités Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra por apoiar a retirada da sanción, o respecto ós dereitos lingüísticos e a saída negociada ó conflito.

**Unha vez producida a sanción, os servicios xurídicos da CIG procederon a instancias do compañeiro a recorrela legalmente, conseguindo que o Xulgado do Social de Santiago estimara a demanda do compañeiro contra Telefónica revogando a sanción imposta, deixándoa sen efecto e condenando á empresa a estar e pasar por tal declaración.**

Pola nosa parte desexámoslle un pronto restablecemento ó compañeiro, que leva de baixa desde o momento dos feitos, e a súa incorporación ó traballo e á actividade sindical. Para máis adiante deixamos unha análise máis polo miúdo dos fundamentos xurídicos da sentenza pola súa importancia cara a defensa da nosa lingüa.

Sección sindical CIG en Telefónica  
A Coruña , 4 de Maio de 2004